

“QUE SAN XOÁN NOS SIGA PROTEXENDO E NOS LEVE A XESÚS”

Queridos carballese:

Despois da Novena preparatoria, dispoñémonos a celebrar as festas patronais, este ano sen música e sen festeiros invitados. Pero, gardando as distancias e coas mascarillas, vamos a sentirnos máis unidos como familia e como Comunidade parroquial.



O mércores 24, na Misa de San Xoán, unímonos á invocación que en nome e representación de todo o pobo, o Sr. Alcalde presentará ao patrón San Xoán Bautista. Que nos siga protexendo e nos libre do Covid 19 e todos os males.

O xoves 25, é o día grande do Santísimo Sacramento que celebraremos con Misa solemne e Procesión ,para tributarlle a homenaxe da nosa louvanza e acción de grazas a Xesús Sacramentado e pedirlle que bendiga a todas as familias de Carballo.

A Procesión será deste xeito: Levaremos o Santísimo Sacramento nunha carroza engalanada, acompañado solamente polas autoridades en os funcionistas.

A procesión irá pola R/Jacinto Amigo, R/Gran Vía, R/Cervantes, R/Valle Inclán, R/Vázquez de Parga, Praza Galicia. Nos tres altares de costume daremos a bendición.

Invitamos aos devotos a engalanar as xanelas e balcóns, e con pétalos de flores aclamar a ao Señor cando pase pola vosa rúa, e os demais a participar desde as beirarrúas con respecto e devoción facendo o sinal da Cruz.

O venres 26 e o sábado 27, mostraremos o noso cariño de fillos á Virxe María nas advocacións de N^a S^a do Carme e do Perpetuo Socorro, poñendo a toda a Parroquia no seu regazo de Nai.

Nestes días da festa tamén teremos unha pregaría agradecida polos nosos defuntos, especialmente polos que nos deixaron durante estas semanas, e polos que fixemos un funeral comunitario no noso camposanto.

O meu sincero agradecemento aos funcionistas, a todos os voluntarios da Parroquia e de xeito especial aos que durante estes meses da pandemia co seu traballo e colaboración xenerosa axudan desde Caritas a cantos a están sufrindo a falta de traballo e necesidades básicas. Moitas grazas!

Felices festas.

José García Gondar



A XANELA SEMANAL

Hoja parroquial de la Unidad Pastoral de Carballo

**Patrón San Xoán,
Grazas por conservarnos con vida e con saúde
segue protexéndonos e encamiñándonos a Xesús**





O San Xoán de 2.020

Non sabemos moi ben como será, pero temos as lembranzas de anos pasados. Botaremos de menos o Pregón que pronunciaron cada ano personalidades da ciencia, da arte, da política. E así, sen interrupción desde 1.977.

As alboradas do día de S. Xoán son claras, esperando ó Sol sanxoaneiro, que ilumina en vertical, non hai sombras. Vese o sorriso na xente. A media mañá, antes da Misa grande, a Banda de Corme, a de Suso de Basilio, xa está na Praza do Concello. Todos os músicos ben uniformados, tocan baixo a batuta do esclarecido mestre e compositor. A música da banda serena os ánimos, produce optimismo, acae co verdor das árbores, ca alegría dos nenos, cos neocomulgantes da parroquia.



O Himno Galego, o pasodobre Pontearreas do mestre Soutullo, Alborada de P. Veiga, Negra Sombra de Montes e algunha peza da autoría de Méndez Torrado... son obras obrigadas para a mañá carballesa de S. Xoán.

Na Misa grande escoitaremos a invocación ao Santo Patrón que o noso alcalde, Evencio Ferrero, por décimoquinta vez consecutiva vai ofrecer nun galego bergantiñán de orixe clásica.

Na procesión, unha imaxe de canon menor, inxénuo, amada polos carballeses. Esa simplicidade do santo patrón, fálanos dos nosos excesos do noso confort.

O día da Festa Sacramental (que dirían os nosos maiores) ten un carácter solemne e reparador. Dígoos porque nos doe o sacrilexio destes días pasados nunha igrexa de Santiago. Falamos tanto de liberdades, de respectos e profanamos algo tan indefenso como son as especies sacramentais que custodiamos nos sagrarios. Cada xoves, en Carballo, son días eucarísticos, e as súas tres custodias proclaman a devoción eucarística dos antepasados.

A procesión, a máis solemne e concurrida. Un bergantiñán de pro, que nos visitou un ano (Tony de Seárez),chegado de Montevideo, dixo aquilo de: "Había máis xente na procesión ca na verbena".

Falando de actualidade.- Unha imaxe pétreo, do século XIV, aparece na canle do río Sar, en Santiago. De gran valor, din os expertos. Quizais estivese presidindo unha antiga fonte que en Conxo había. Bo sitio para unha imaxe mariana. Como a fonte desta auga, elemento imprescindible para a nosa vida, así tamén María, presente en tantas advocacións (a máis popular a do Carme) fai que teñamos grazas de noso Señor para calmar a nosa sede de paz e felicidade.



NOVENA PREPARATORIA

Seguimos con la Novena desde el lunes día 15.
A las 19,00hs Exposición del Santísimo, Rosario y preces de la Novena.
A las 20,30hs Santa Misa.

SAGRADO CORAZÓN DE JESUS E INMACULADO CORAZÓN DE MARIA

Domingo 21, a las 20,30hs Misa solemne y consagración de las familias.

CELEBRACIÓN DE LA PENITENCIA

Lunes 22, a las 20,30hs confesiones.

FIESTA DE SAN XOÁN:

Miércoles 24, a las 12,30hs Misa solemne. Invocación al Patrono por Sr. Alcalde. No habrá procesión.

FIESTA DEL SANTÍSIMO SACRAMENTO

Jueves 25, a las 12,30hs Misa Solemne y Procesión.
Llevaremos el Santísimo en una carroza engalanada, acompañado de las autoridades y funcionistas. Daremos la bendición en los altares tradicionales de C/Gran Vía, C/Cervantes y C/A Braña.

FIESTA DE Nª Sª DEL CARMEN

Viernes 26, a las 12,30hs Misa Solemne. No habrá Procesión.

FIESTA DEL PERPETUO SOCORRO:

Sábado 27, a las 20,30hs Misa Solemne

FIESTA DE SAN JUDAS TADEO.

Domingo 28, a las 20,30hs Misa solemne y oración por todos los difuntos de la Parroquia.

FUNCIONISTAS

Los devotos que quieran ser funcionistas del Santísimo Sacramento o de Nª Sª del Carmen pueden anotarse en el Despacho.

FUNERALES

Viernes 26, a las 20,30hs Funeral 1º aniversario por José Ramón Gerpe Collazo
Sábado 27, a las 16,00hs Funeral entierro por Emilia Filisbina Ramos Prieto (+3 de abril)
Sábado 27, en Goiáns, a las 17,00hs Funeral 1º aniversario por Benigna Rodríguez Juncal